

MEMORIA XUSTIFICATIVA

INTRODUCCIÓN. NECESIDADES A SATISFACER

A finalidade da execución destas obras, é a mellora e conservación da infraestrutura viaria do Concello, servizo municipal mínimo obrigatorio, que contribuirán a xerar cohesión social e territorial e mellorar as condicións de vida e traballo no medio rural, facilitando a accesibilidade e a vertebración do territorio e o aumento da competitividade dos sectores produtivos de Monfero.

OBXECTO DO CONTRATO

Obra financiada pola Deputación Provincial a través do Plan POS+ 2019, definida no proxecto nomeado, **Modificado proxecto pavimentación de viais nas parroquias de San Fiz e Queixeiro**, cun orzamento de 78.873,01€ máis 16.563,33 € de IVE, aprobado polo Pleno na sesión do 19 de decembro de 2018, e modificado por Resolución da alcaldía 44/2019 e ratificado polo Pleno, na sesión do 15 de marzo de 2019..

XUSTIFICACIÓN DA NON DIVISIÓN EN LOTES

A división en lotes tería un importante custo económico para o concello e implicaría una maior dedicación do seu persoal técnico e administrativo, pola necesidade de redactar documentos técnicos independentes para cada lote que servisen de base á licitación coa seguridade xurídica necesaria para definir con exactitude o obxecto do contrato.

Aínda que no proxecto inclúen distintos orzamentos parciais ou partes que poderían ser adxudicadas por lotes, moitas veces existen partidas comúns a todas elas, como son as relativas a seguridade e saúde, a control de calidade, a xestión de residuos, e outros conceptos cuxa aplicación aos distintos lotes esixiría realizar novos cálculos nos novos documentos técnicos para a adxudicación en lotes.

Incrementaríase o número de expedientes de licitación que o concello tería que realizar, co conseguinte custo de tempo e de recursos persoais e materiais.

A división en lotes suporía un retraso na adxudicación dos investimentos, e polo tanto na súa execución, pola necesidade de realizar, con carácter previo á licitación, tarefas técnicas e administrativas de división en lotes do proxecto e, como consecuencia, polo incremento do número de expedientes de contratación.

ANÁLISE TÉCNICA. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E REQUIRIMENTOS

Están desenvolvidas no proxecto de obra, asinado polo Arquitecto, Antonio López Rodríguez.

ANÁLISE ECONÓMICA

a) Valor estimado

Tal e como dispón o artigo 101 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público,

Importe total sen IVE : 78.873,01€

20% modificacións previstas de proxecto: *non se prevén modificacións*

10% (aumento de medicións, certificación final): 7.887,30

Total : 86.760,31€

Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

En cumprimento do disposto no artigo 4 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, valórase a estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da actuación.

O contrato desta obra, está subvencionado ao 100% por un axente financiador, Plan da Deputación da Coruña, POS+ 2019.

O principio de sustentabilidade financeira, entendido como a capacidade de financiamento dos compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial, engloba tanto a débeda financeira coma a débeda comercial.

Non é preciso formalizar operación de crédito para financiar a contratación referida, xa que o contrato desta obra, está subvencionado pola Deputación provincial, ao 100%

En relación coa débeda comercial, debe analizarse se os compromisos de gasto xerados por esta contratación faranse cumprindo o período medio de pago a provedores, resultando que vai ser así á vista do histórico deste valor e liquidez do Concello.

Os efectos económicos do contrato en exercicios futuros consistirán no aumento da capacidade de financiamento da entidade ao reducirse os gastos que serían necesario realizar para manter as vías en bo estado durante a súa vida útil, que se estima en 10 anos.

O principio de estabilidade orzamentaria, entendido como a capacidade ou necesidade de financiamento nos termos orzamentarios SEC-10, é a diferenza entre os capítulos 1 a 7 do orzamento de ingresos e os capítulos 1 a 7 do orzamento de gastos.

A este respecto debe reiterarse que o gasto previsto está financiado ao 100% e non ten repercusións económicas negativas para a entidade, atópase recollido no orzamento que cumpre o principio de estabilidade orzamentaria, tal e como informa a Intervención no expediente de aprobación do orzamento 2018.

ANÁLISE DO PROCESO

a) Xustificación do procedemento

Dada que a contía do contrato é inferior ao 2.000.000 €, tramitábase polo procedemento aberto simplificado, regulado no artigo 159 da Lei 9/2017, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída a negociación, por considerar que é o máis áxil e sinxelo e adaptase ás necesidades a satisfacer.

b) Cualificación do contrato

Contrato de obra

c) Duración

O contrato ten unha duración de 4 meses

O Alcalde
Andrés Feal Varela